



DIREZIONE GENERALE OPERE DON BOSCO

Via dola Pisana 1111 - 00163 Roma

Il Rettor Maggiore

Á ATENCIÓN DOS INSPECTORES E OS SEUS CONSELLOS, DELEGADOS DE VISITADORÍAS E OS SEUS CONSELLOS, NAS SÚAS SÉS

Meus benqueridos Irmáns Inspectores, Delegados de Visitadorías:

A todos vós que levades a responsabilidade da animación e o goberno das Inspectorías e Visitadorías, fágovos chegar este saúdo e a miña aperta fraterna por medio desta comunicación que ten carácter oficial, pero nun formato máis informal, como quere ser o do Reitor Maior que se comunica cos seus Irmáns Inspectores e os seus Consellos, a xeito de carta, e non nos boletíns oficiais que temos, como son as Actas do Consello Xeral. Ese formato será para outro tipo de cartas.

O motivo da presente, neste tempo no que estamos case finalizando as sesións do Consello Xeral, é informar a toda a Congregación, a través de vós, sobre algunhas novas de *familia, de animación e de goberno*. Estou convencido, e así o teño compartido cos membros do Consello Xeral, que este xeito de comunicarnos, de cando en vez, vainos facer ben a todos, empezando por min.

É por isto que, querendo que chegue ao maior número de irmáns, a través do voso servizo, pedín axuda para o maior número posible de traducións (sendo cada Conselleiro Rexional quen faga chegar as propias da rexión). Velaí as linguas: *italiano, español, español latinoamericano, inglés, portugués, francés, alemán, coreano, vietnamita, polaco, esloveno, ucraíno, ruso, catalán, galego, vasco*.

Ao mesmo tempo anúnciovos que as cartas propias que escribe o Reitor Maior seguirán coa mesma finalidade. En canto ao ritmo das mesmas, recollo a reflexión que no seu momento me ofreceu o P. Pascual Chávez, cando me dixo que viña reflexionando tempo atrás sobre a conveniencia de que as cartas fosen soamente dúas ao ano, é dicir, con ritmo semestral. Unha sería na metade do ano e outra co gallo do aguinaldo. Persoalmente son dese parecer, dado que a experiencia na vida das Inspectorías amósanos que os ritmos cotiáns non sempre permiten asimilar as cartas e os documentos que imos tendo.

Velaí, daquela, o ritmo: carta do RM a metade do ano e unha segunda ao final do mesmo, carta que coñecemos tradicionalmente coma “o aguinaldo”. Á súa vez as Actas do Consello Xeral seguirán a ter estrutura e contidos similares ás actuais.

Centrándome nos asuntos aos que quero referirme nesta carta, a súa enumeración é a seguinte:

✚ *Algúns ecos á luz do Capítulo Xeral 27.*

- ✦ *Servizo que prestará o Reitor Maior Emérito, P. Pascual, o Vigairo do R.M. Emérito e os membros do anterior Consello Xeral que finalizaron o seu servizo.*
- ✦ *Sesións do Consello Xeral e coordinación do mesmo e dos diversos Sectores (Deliberación nº11 do CX 27).*
- ✦ *Nomeamento do Responsable do ‘Ufficio Giuridico’ da Congregación.*
- ✦ *Nomeamento do novo Procurador da Procura Misioneira de Turín. Persoal dos Lugares Salesianos (Deliberación nº17 do CX 27).*
- ✦ *Axudas ás Inspectorías – Petición de axuda para a Direzione Generale e Casa Xeneralicia.*

1. ALGÚNS ECOS Á LUZ DO CX27

Benqueridos irmáns, quero aproveitar este primeiro momento da carta para deixar que algúns latexos de corazón expresen o que ten suposto, e sen dúbida irá supoñendo, o noso Capítulo Xeral para a Congregación en cada unha das nosas Inspectorías e para os irmáns nas mesmas. Temos vivido un tempo de Graza, unha vivencia de *fraternidade e comunión* que a todos nos ten chegado en profundidade. Coido que non somos facilmente “impresionables” e ata me atrevería a dicir que, en certo modo, o cotián e a tarefa esixente de cada día nos fan a todos quizais menos inxenuos e ata un pouco máis “duros”; porén, quedamos fermosamente tocados no corazón por esta experiencia de fe, de fraternidade e comunión que confirmaba, unha vez máis, que en nós e na vida relixiosa, o vivido con autenticidade é *profecía*.

A meirande parte de vós regresou ás Inspectorías e Visitadorías. Outros poucos quedamos aquí para asumir o servizo que nos tedes pedido, pero teño a certeza de que todos temos un profundo desexo de mobilizarnos e mobilizar, no posible, a todos os nosos irmáns, ou a aqueles que máis abertos estean á novidade.

Irmáns, estou convencido de que como Congregación *queremos seguir estando na Trama de Deus*, permitindo que no seu tecido o fío que somos cada un de nós poida axudar a que o *pano de Historia que o noso Deus vai tecendo teña tamén o noso alento, a nosa enerxía, os nosos esforzos, a nosa vida toda*.

Do valor profético da nosa fraternidade, ata *conseguir que o seu testemuño resulte irresistible, xa* fixen mención.

E todo isto para chegar ao *noso Tabor*. Tantas veces levamos dito que temos medo “aos documentos”, que os capítulos xerais non son para facer ‘documentos’..., que é certo, porque a súa finalidade é a de revitalizar permanentemente o noso camiño de fidelidade ao carisma salesiano e á súa misión encomendada polo Señor a través do Espírito en Don Bosco (-o que xustamente chamamos carisma salesiano-). Pero é certo, irmáns, que nos nosos textos e escritos encontramos *expresións de tanta forza* que, se de verdade o quixésemos, non nos poderían deixar indiferentes.

Sonvos moitas as que temos tamén neste noso último CX27. Só fago mención dunha que completa o desexo e a necesidade de *estar na Trama de Deus e ser Profecía de Fraternidade*. Lemos nesta forte chamada:

“Conscientes do novo momento eclesialístico no que vivimos, estamos convencidos de que a nosa vida consagrada é un grito contra o egoísmo e o autorreferencialismo: trátase de ir ao encontro dos necesitados, dos outros, coa actitude misericordiosa de Xesús, partindo da nosa vida pobre e solidaria. O noso claustro é o mundo dos mozos en dificultade e a nosa oración

son as mans ergueitas e a nosa acción empeñada en irradiar dignidade aos máis excluídos. Para isto non podemos aforrar enerxías, nin temos máis tempo para “as nosas cousas”, ou para pecharnos nos nosos intereses persoais. Temos diante un éxodo que nos axudará a acadar outra terra mil voltas prometida: aquela dos máis abandonados e dos máis pobres. Aí, como salesianos, encontraremos o noso Tabor”(Documentos Capitulares do CX27, Alegación 5. Descentrados).

Que forza a desta expresión, irmáns! Coa xente nova encontramos o noso Tabor. Velaí a nosa conversión e este será tamén hoxe e sempre o noso ‘volver a Don Bosco’.

Nestes case tres meses que transcorreron dende que rematou o Capítulo, foron varias as veces nas que diversos xornalistas me preguntaron se teño medo pola nosa Congregación. Eu sempre lles contestei, con plena sinceridade, que non teño ningún medo, absolutamente ningún!, e non porque estea imbuído dunha actitude de prepotencia, ou falla de humildade... Nada que ver con iso, posto que creo verdadeiramente que a sinxeleza e a humildade han ser a nosa carta de presentación, xunto co que dei en chamar *o máis constitutivo do noso ADN salesiano: isto que nos constitúe xeneticamente como salesianos e como Familia Salesiana: a nosa paixón pastoral pola xente moza, especialmente a máis pobre*. Por iso non teño ningún medo pola nosa Congregación, xa que na medida en que os mozos *sexan a nosa paixón pastoral e o noso Tabor* está garantida a nosa Fidelidade, e na Fidelidade, sen dúbida que o Espírito do Señor seguirá querendo a nosa Congregación Salesiana e a nosa Familia a prol dos mozos, e entre eles, os máis pobres do mundo.

2. OBEDIENCIAS

Estes case tres meses que teñen transcorrido dende que rematamos o noso CX27 permitíronnos, entre outras cousas, ver algunhas das necesidades que se ían presentando e poder dialogar cos irmáns que remataron o seu servizo, xa sexa ao fronte da Congregación e a Familia Salesiana, na persoa do noso benquerido Reitor Maior Emérito, coma do Vigairo e todos os demais irmáns do anterior Consello Xeral. Teño que dicir que foi algo realmente fermoso, vivido nun diálogo verdadeiramente fraterno e cunha actitude de plena dispoñibilidade e servizo en todos. Todo un testemuño.

As Obediencias son, daquela, as seguintes:

- ✚ **O Reitor Maior Emérito, P. Pascual Chávez**, vai destinado á Comunidade de San Tarsicio, en Roma, coa encomenda primeira de seguir coidando a súa saúde e a espléndida recuperación que está tendo, e estando dispoñible, ao mesmo tempo, para a formación permanente na Congregación animando retiros, exercicios espirituais, conferencias, publicacións, prestando un importante servizo tamén á Familia Salesiana e á Vida Consagrada.
- ✚ **O Vigairo do Reitor Maior Emérito, P. Adriano Bregolín**, pasa a ser incardinado na Inspectoría ICC de Italia, e foi nomeado polo Inspector (co consentimento do seu Consello) *Director da Casa de Firenze*. O seu nomeamento tivo o visto bo no Consello Xeral de hai dúas semanas.
- ✚ **O Conselleiro Rexional para Inter América, P. Esteban Ortiz**, incardínase na súa Inspectoría de orixe: *Ecuador*.
- ✚ **O Conselleiro Rexional para Europa Oeste, P. José Miguel Núñez**, incardínase na nova Inspectoría española “*María Auxiliadora*”, con sé en *Sevilla*.

- # **O Conselleiro Rexional para Asia e Oceanía, P. Andrew Wong**, foi nomeado *Director da Comunidade do Estudantado Teolóxico Internacional en Ratisbonne (Xerusalén)*.
- # **O Conselleiro Rexional para Europa Norte, P. Marek CHRZAN** foi nomeado *Director da Comunidade Gesù Maestro (U.P.S)*.

3. SESIÓNS DO CONSELLO XERAL E COORDINACIÓN DE SECTORES *(Deliberación nº 11 do CX 27)*

Sinxela e breve é a información que vos podó ofrecer neste punto. Redúcese tan só a expresar que a coordinación das sesións do Consello Xeral, coa temática de cada día, é levada a cabo polo Vigairo do Reitor Maior. Cada día detállase a orde do día do seguinte (dado que sabedes que todos os días hai sesión de Consello, de luns a venres). Xunto co Reitor Maior, o Vigairo detalla os temas que se van abordar, segundo o ritmo de estudo dos mesmos, o estudo de informes para os diversos discernimentos, consultas e posteriores nomeamentos...

Ao mesmo tempo deixo constancia de que o Vigairo se reuniu diversas veces cos Conselleiros de Sectores para a necesaria coordinación previa á programación do sexenio e ás accións próximas e remotas de cada sector. De igual xeito, e en cumprimento do que a Deliberación nº 11 do CX27 pedía, esa coordinación estase levando a cabo cos Conselleiros Rexionais e con todos os Conselleiros (sectores e rexionais entre si).

Ao mesmo tempo o Reitor Maior adiantou xa a todos os membros do Consello a axenda de visitas ás Inspectorías para este 2014 e todo o 2015, nos cinco continentes, coa finalidade de coordinarse tanto cos Conselleiros de Sectores, na medida en que for necesario, coma cos Conselleiros Rexionais, para contar coa súa presenza nas visitas ás diversas Inspectorías.

4. NOMEAMENTO DO RESPONSABLE DO 'UFFICIO GIURIDICO'

Infórmovos de que na primeira sesión do Consello Xeral, nos tres días seguintes da finalización do Capítulo Xeral, foi nomeado o *P. Pier Fausto Frisoli* coma *Responsable da Oficina Xurídica da nosa Congregación*. Dende aquela fíxose cargo da situación, contando co inestimable traballo e experiencia de Don Francesco Maraccani, e facendo un ordenado proceso de paso de información e documentos.

5. NOMEAMENTO DO NOVO PROCURADOR DA PROCURA MISIONEIRA EN TURÍN.

Quero comunicarvos que o noso irmán *Stefano Vanoli* pedíume deixar o servizo de Procurador.

Aceptei a súa petición, dadas as circunstancias, e buscamos a outro irmán que, cremos, poderá prestar tamén un excelente servizo. É por iso que foi nomeado o irmán *Giampietro Pettenon* coma novo Procurador. Comezará o seu servizo unha vez que o relevo na súa Inspectoría poida realizarse, dado que Giampietro é actualmente ecónomo inspectorial da Inspectoría Vêneta (INE). Dende este momento desexo manifestarlle tanto a Giampietro como ao seu Inspector e irmáns a xenerosidade, non exenta de sacrificio pola súa parte, ao teren aceptado este novo servizo dun irmán da súa Inspectoría.

6. Persoal dos Lugares Salesianos (Deliberación nº17 do CX 27).

En cumprimento do pedido polo noso CX27 nesta deliberación, demos os primeiros pasos de algo que terá que ter un desenvolvemento máis coidado, pensado e verificado no tempo, partindo dun proxecto. Neste sentido pedímoslle a tres irmáns -un de Italia e dous de España: Don Enrico Lupano, D.Félix Urra e D. Rafel Gasol- que, formando parte da comunidade de Valdocco, neste 2015 presten un servizo que se vai distinguir por dar unha acollida da maior calidade posible (tanto física como na atención pastoral e espiritual) aos milleiros de peregrinos que irán aos nosos '*Lugares Santos*' de Valdocco no ano do Bicentenario do nacemento de Don Bosco, para que despois, dende a experiencia do vivido, se poida formular o proxecto do que pretendemos e do que queremos que sexa un excelente servizo pastoral e espiritual. O mesmo se intentará no Colle Don Bosco, contando con irmáns que están alí e outros que puidesen sumarse nun futuro. Cremos oportuno comezar en Valdocco esta realización da deliberación capitular, dado que non sempre é doado ou posible encontrar as persoas coa dispoñibilidade axeitada para este servizo. Xa dende este momento agradecemoslle este fermoso servizo.

7. CONCLUSIÓN

Desexo concluír esta carta fraterna cunha referencia á nosa Nai Auxiliadora, e para iso me permito reproducir palabras máis autorizadas que as miñas: as do Papa Francisco no final da súa mensaxe no día da Audiencia ao CX27. Dinos:

“Benqueridos irmáns, o bicentenario do nacemento de Don Bosco está xa ás portas. Ha ser un momento propicio para volver propoñer o carisma do voso Fundador.

María Auxiliadora non fixo faltar nunca a súa axuda na vida da Congregación, e de certo non a fará faltar nin sequera no futuro. A súa materna intercesión obteña de Deus para vós os froitos esperados e agardados. Bendígovos e rezo por vós, e, por favor, rezade tamén vós por min. Grazas”.

Con esa mesma confianza da que nos fala o Papa Francisco, abandonémonos na protección da nosa Nai Auxiliadora.

Unha grande aperta de irmán.

En Roma, a 15 de xullo de 2014

P. Ángel Fernández A.,SDB

Reitor Maior